



# Mi eCOLOXÍA 2.0

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO UNIÓN FENOSA  
(A CORUÑA)

Do 15 ao 18 de novembro de 2007

XOVES 15 DE NOVENBRO

20.00: «Boletus e xéneros afíns en Galicia». Charla de Puri Lorenzo, do Laboratorio de Micoloxía da Universidade de Vigo

VENRES 16 DE NOVENBRO

20.00: «Cogomelos tóxicos en Galicia». Charla de Alfredo Justo, do Laboratorio de Micoloxía da Universidade de Vigo

SÁBADO 17 DE NOVENBRO

19.00: «Cogomelos comestibles en Galicia: unha visión persoal». Charla de Javier Martín, afeccionado e apaixonado da Micoloxía

20.00: Cata comentada dos viños seleccionados por Horacio e Araceli Fernández, de Adegas Godeval

20.30: Degustación dos petiscos elaborados a base de cogomelos polo chef Alejandro Blanco (restaurante Playa Club da Coruña)

DOMINGO 18 DE NOVENBRO

10.00: Recollida de cogomelos guiada por Puri Lorenzo e Alfredo Justo (o punto de partida, nas inmediacións da Coruña, será fixado ao remate da conferencia de Alfredo Justo, o venres 16)

## Xornadas en torno ao valor cultural, económico, medioambiental e gastronómico dos cogomelos

A crecente afección do público galego pola recollida, identificación e consumo de cogomelos, así como o respaldo obtido polas charlas celebradas no MACUF durante o outono de 2006, xustifican sobradamente a reedición e ampliación deste ciclo, que aspira a se converter en punto de encontro para todos os interesados no tema.

A divulgación dos coñecementos básicos requeridos para calquera saída ao campo será confiada, unha vez máis, a dous investigadores do Laboratorio de Micoloxía da Universidade de Vigo, entidade de referencia que está dirixida pola prestixiosa especialista Marisa Castro.

Pero tamén prestaremos atención a outras vertentes deste complexo fenómeno, cunha atención moi especial cara ao seu potencial gastronómico. Cociñeiros de renome presentarán algunhas das súas novidosas propostas, en perfecta maridaxe cos viños seleccionados polos nosos anfitrións das Adegas Godeval.

PRAZAS LIMITADAS. PARA INFORMACIÓN, PREINSCRIPCIÓN E PAGAMENTO DE MATRÍCULA (15 euros por persoa e fin de semana), PODEN CHAMAR AO TFN. 981 178786 (laborables de 10 a 14) OU ESCRIBIR UNHA MENSAXE A [educacionmacuf@arteyenergia.es](mailto:educacionmacuf@arteyenergia.es)

# MACUF

MUSEO DE ARTE CONTEMPORANEO UNION FENOSA

Avenida de Arteixo 171, 15007 A Coruña  
[www.macuf.es](http://www.macuf.es)

Colaboran:

 UNION FENOSA

 Godeval  
BODEGAS

Laboratorio de Micoloxía  
UNIVERSIDADE DE VIGO



Concello  
O Barco de Valdeorras